



ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

SESIÓN ORDINARIA DO 15 DE XUÑO DE 2017

ASISTENTES:

Alcalde- Presidente:

D. José Luis Oujo Pouso.

Concelleiros:

D^a. María José Maneiro Quintáns.

D. José Manuel Deán Pouso.

D. Antonio Romero Ribeiro.

Secretario:

D. José Manuel González García.

Na Alcaldía- Presidencia da **Casa do Concello** de Porto do Son, sendo as **13:30 horas** do día **15 de xuño de 2017**, reúnese a Xunta de Goberno Local en **sesión ordinaria**, baixo a presidencia do Alcalde- Presidente, D. José Luis Oujo Pouso, coa asistencia dos Sres. concelleiros que se relacionan á marxe.

A Xunta de Goberno Local está asistida polo secretario da Corporación, D. José Manuel González García, que dá fe do acto.

Unha vez comprobada polo secretario a válida constitución da Xunta de Goberno Local, posto que asisten a maioría absoluta dos seus integrantes, o Sr. Alcalde- Presidente abre a sesión.

De seguido, a Xunta de Goberno Local procede á deliberación e votación dos asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**, e que se relacionan a continuación:

1.- APROBACIÓN DE ACTAS.

1.1.- Acta do 31 de maio de 2017.

2.- LICENZAS URBANÍSTICAS E DE ACTIVIDADE.

2.1.- Licenza de obra. Expediente 342/2015

2.2.- Licenza de obra. Expediente 183/2016

2.3.- Licenza de obra. Expediente 206/2016.

2.4- Licenza de obra. Expediente 209/2016

2.5- Licenza de obra. Expediente 29/2017

2.6.- Licenza de obra. Expediente 44/2017

2.7.- Comunicacions previas.

3.- REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.

3.1.- Arquivo de procedemento de reposición da legalidade urbanística.

4.- ASISTENCIA PERMANENTE AO ALCALDE NO EXERCICIO DAS SÚAS ATRIBUCIÓNES.



1. APROBACIÓN DE ACTAS.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **APROBA** a acta correspondente a sesión extraordinaria do 31 de maio de 2017.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS E DE ACTIVIDADE.

A Xunta de Goberno Local, órgano competente para a adopción deste acordo de conformidade coa delegación de competencias efectuada mediante o decreto núm. 406/2015, do 18 de xuño, imponse ás **licenzas e ás comunicacións previas urbanísticas**, as seguintes **condicións xerais**, de obrigado cumprimento:

1/ As licenzas outórgase **sen prexuízo de terceiros**, deixando a **salvo o dereito de propiedade** e doutras autorizacións administrativas, sen que se poida invocar a licenza para excluír ou dirimir a responsabilidade civil ou penal na que incorreran os beneficiarios no exercicio das súas actividades.

2/ No caso de ser imprescindible a **ocupación da vía pública**, debe obterse a preceptiva licenza municipal de ocupación de vía pública e, unha vez rematada a obra, deberán repoñerse os desperfectos que se causaran á vía.

3/ Faise advertencia expresa que na execución das obras deberán adoptarse as **medidas que en materia de seguridade e saúde no traballo** veñan esixidas pola normativa na materia en vigor, especialmente no Real Decreto 1627/1997, de 14 de marzo.

4/ **Finalizadas as obras** debe comunicarse ao concello esta circunstancia a fin de efectuar as comprobacións pertinentes, así como a **liquidación definitiva de tributos** e outorgamento das licenzas que procedan.

5/ **Prazo de execución**: a obra debe iniciarse no prazo máximo de 6 meses dende a notificación do outorgamento da licenza e deberá estar rematada no prazo máximo de 3 anos, a contar dende esa mesma data, non sendo posible interromper as obras por tempo superior a 6 meses.

No caso de tratarse de obras menores, o prazo non poderá exceder de 3 meses para o inicio e de 12 meses para o remate, non podendo interromperse por tempo superior a 6 meses.

6/ As obras deben realizarse coas debidas condicións de **seguridade e solidez**.

7/ En caso de perda de vixencia das **autorizacións sectoriais pertinentes** deberán renovarse non sendo posible a continuación das obras sen cumprir este trámite.

8/ Nas obras que se **executasen con inobservancia das condicións da licenza ou comunicación** serán sancionadas por **infracción urbanística** as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, así como os técnicos redactores do proxecto e directores das obras. Neste sentido, todo técnico, polo só feito de asinar unha solicitude de licenza de obra, declara coñecer as condicións que se esixen e a normativa urbanística aplicable ao Concello de Porto do Son, aceptando as responsabilidades que se deriven da súa aplicación.

Os arquitectos directores das obras son responsables mancomunadamente cos propietarios, das infraccións das normas urbanísticas sempre que ao advertir calquera circunstancia pola que se aparten das condicións en que se concedan as licenzas, non o comuniquen por escrito ao Concello.



9/ Será requisito indispensable en tódalas obras dispor ao pé da obra de **copia da licenza ou comunicación previa**, e **nas obras maiores do cartel indicador** no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, número de plantas autorizadas, prazo de execución das obras, data de outorgamento da licenza e o número de expediente.

10/ De ser oportuno, recórdase ao solicitante que antes do comezo das obras deberá solicitar ao Concello a **acta de comprobación de aliñacións**.

11/ No caso de obra maior, finalizadas as obras deberá solicitar a oportuna **licenza de primeira ocupación**, de conformidade co sinalado na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

12/ Debe darse cumprimento ao Decreto 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a **producción e xestión dos residuos de construción e demolición**. O artigo 4, relativo ás Obrigas do produtor de residuos de construción e demolición, apartado c, sinala: “*dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos na súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado, nos termos recollidos neste Real Decreto, e, en particular, no estudo de xestión de residuos na obra o nas súas modificacións. A documentación correspondente a cada ano natural deberá manterse durante os cinco anos seguintes.*”

13/ Debe respectarse o establecido no artigo 91 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, isto é, as construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, polo que:

- A tipoloxía das construcións e os materiais e cores empregados deberán favorecer a integración no entorno inmediato e na paisaxe.
- As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

2.1) **LICENZA DE OBRA. EXPEDIENTE 342/2015.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

“Visto que D. J*** solicitou en data 12/10/2015 (r.e 7890) licenza municipal para “rehabilitación e ampliación dunha vivenda unifamiliar” situada no lugar de Trasdoanes, 13 – Xuño, coa referencia catastral 7809316MH9270N0001KP, segundo o proxecto básico reformado redactado pola arquitecta D^a. M** de data xaneiro de 2017.

Vista a documentación que obra no expediente administrativo nº 342/2015 e, en particular, o informe dos servizos técnicos municipais de data 05/06/2017 e o informe de Secretaría de data 14/06/2017.

Considerando o establecido no art. 143 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia sobre o procedemento de outorgamento das licenzas urbanísticas.

ACORDA:

PRIMEIRO.- Conceder a D. J** a licenza municipal solicitada para “rehabilitación e ampliación dunha vivenda unifamiliar”, situada no lugar de Trasdoanes, 13 – Xuño, coa referencia catastral 7809316MH9270N0001KP, segundo o proxecto básico reformado redactado pola arquitecta D^a. M** de data febreiro de 2017, condicionada en todo momento ao cumprimento



das prescricións xerais das normas urbanísticas de aplicación e ás condicións que se detallan a continuación:

- a) **Clasificación e cualificación urbanística do solo:** solo de núcleo rural común. Grao 2.
- b) **Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos:** 5,93 metros (altura); 191,60 m² (edificabilidade da vivenda); 123,06 m² (ocupación da vivenda).
- c) **Dirección facultativa:** non consta.
- d) **Dirección de execución:** non consta.
- e) **Coordinación de seguridade e saúde:** non consta.
- f) **Outras condicións:**
 - No prazo máximo de 3 meses, a contar desde a notificación deste acordo, o promotor deberá presentar no concello o proxecto de execución e a documentación detallada no art. 43.3 do Anexo de tramitación de licenzas da Normativa do PXOM e declaración do técnico responsable de que este se corresponde co proxecto básico que obtivo licenza (art. 20 do Anexo de tramitación de licenzas). Sen o cumprimento desta condición non poderá comezarse a execución das obras.
 - Antes de iniciarse as obras deberá presentar os oficios de nomeamento de director de obra, director de execución e coordinador de seguridade e saúde da obra.

SEGUNDO.- Ordenar ao solicitante o íntegro cumprimento das **cláusulas xerais** de aplicación a todas as licenzas de obra.

TERCEIRO.- Aceptar a cesión do solo da parcela situado fóra da aliñación marcada polo PXOM formalizada no documento administrativo de data 14/06/2017.

CUARTO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre Construcións, instalacións e obras e a liquidación tributaria definitiva da taxa de tramitación, imputando o recoñecemento do dereito aos conceptos orzamentarios correspondentes, relativa ao expediente arriba referenciado, que a continuación se indica:

Base imponible ICIO: orzamento	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO	Taxa de tramitación		PENDENTE PAGO
			Taxa pagada		
89.135,24 euros	2,0%	1.782,70 euros	Taxa pagada	274,40 €	1.782,70 euros
			Taxa definitiva	274,40 €	
			Liquidación	00,00 €	

QUINTO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

SEXTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.



2.2) LICENZA DE OBRA. EXPEDIENTE 180/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

“Visto que D. D** solicitou en data 04/08/2016 (r.e 5276) licenza municipal para “**construción dunha vivenda unifamiliar**” situada no lugar de Seráns, s/n– San Pedro de Muro, coa referencia catastral 15072A034004640000PM, segundo o proxecto básico redactado polos arquitectos D. R**, D. M** e D. A**, de data agosto de 2016.

Vista a documentación que obra no expediente administrativo nº **183/2016** e, en particular, o informe dos servizos técnicos municipais de data 05/06/2017 e o informe de Secretaría de data 14/06/2017.

Considerando o establecido no art. 143 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia sobre o procedemento de outorgamento das licenzas urbanísticas.

ACORDA:

PRIMEIRO.- Conceder a D. D** a licenza municipal solicitada para “**construción dunha vivenda unifamiliar**” situada no lugar de Seráns, s/n– San Pedro de Muro, coa referencia catastral 15072A034004640000PM, segundo o proxecto básico redactado polos arquitectos D. R**, D. M** e D. A**, de data agosto de 2016, condicionada en todo momento ao cumprimento das prescricións xerais das normas urbanísticas de aplicación e ás condicións que se detallan a continuación:

- a) **Clasificación e cualificación urbanística do solo:** solo de núcleo rural tradicional. Grao 3.
- b) **Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos:** 6,91 metros (altura); 192,75 m2 (edificabilidade); 135,15 m2 (ocupación).
- c) **Dirección facultativa:** non consta.
- d) **Dirección de execución:** non consta.
- e) **Coordinación de seguridade e saúde:** non consta.
- f) **Outras condicións:**
 - No prazo máximo de 3 meses, a contar desde a notificación deste acordo, o promotor deberá presentar no concello o proxecto de execución e a documentación detallada no art. 43.3 do Anexo de tramitación de licenzas da Normativa do PXOM e declaración do técnico responsable de que este se corresponde co proxecto básico que obtivo licenza (art. 20 do Anexo de tramitación de licenzas). Sen o cumprimento desta condición non poderá comezarse a execución das obras.
 - Antes de iniciarse as obras deberá presentar os oficios de nomeamento de director de obra, director de execución e coordinador de seguridade e saúde da obra.

SEGUNDO.- Ordenar ao solicitante o íntegro cumprimento das **cláusulas xerais** de aplicación a todas as licenzas de obra.



TERCEIRO.- Aceptar a cesión do solo da parcela situado fóra da aliñación marcada polo PXOM formalizada no documento administrativo de data 14/06/2017.

CUARTO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras e a liquidación tributaria definitiva da taxa de tramitación, imputando o recoñecemento do dereito aos conceptos orzamentarios correspondentes, relativa ao expediente arriba referenciado, que a continuación se indica:

Base imponible ICIO: orzamento	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO	Taxa de tramitación		PENDENTE PAGO
100.285,95 euros	2%	2.005,71 euros	Taxa pagada	251,72 €	2.005,71 euros
			Taxa definitiva	251,72 €	
			Liquidación	00,00 €	

QUINTO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

SEXTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

2.3) LICENZA DE OBRA. EXPEDIENTE 206/2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

“Visto que D. L** e Dna. M** solicitaron en data 25/08/2016 (r.e 5705) licenza municipal para **“construción dunha edificación para apartamentos turísticos e outra para vivenda unifamiliar”** situada no lugar de Trasdoanes, s/n– Xuño, coa referencia catastral 7607901MH9270N0001OP, segundo o proxecto básico de data agosto de 2016 e proxecto básico modificado de data marzo de 2017, redactados polo arquitecto D. A**.

Vista a documentación que obra no expediente administrativo nº **206/2016** e, en particular, o informe dos servizos técnicos municipais de data 07/06/2017 e o informe de Secretaría de data 14/06/2017.

Considerando o establecido no art. 143 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia sobre o procedemento de outorgamento das licenzas urbanísticas.

ACORDA:

PRIMEIRO.- Conceder a D. L** e Dna. M** a licenza municipal solicitada para **“construción dunha edificación para apartamentos turísticos e outra para vivenda unifamiliar”** situada no lugar de Trasdoanes, s/n– Xuño, coa referencia catastral 7607901MH9270N0001OP segundo proxecto básico de data agosto de 2016 e proxecto básico modificado de data marzo de 2017, redactados polo arquitecto D. A**, condicionada en todo momento ao cumprimento das prescricións xerais das normas urbanísticas de aplicación e ás condicións que se detallan a continuación:

- a) **Clasificación e cualificación urbanística do solo:** solo de núcleo rural común. Grao 2.



- b) **Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos:** 6,70 metros (altura); 453,98 m² (edificabilidade); 239,22m² (ocupación).
- c) **Dirección facultativa:** non consta.
- d) **Dirección de execución:** non consta.
- e) **Coordinación de seguridade e saúde:** non consta.
- f) **Outras condicións:**
- No prazo máximo de 3 meses, a contar desde a notificación deste acordo, o promotor deberá presentar no concello o proxecto de execución e a documentación detallada no art. 43.3 do Anexo de tramitación de licenzas da Normativa do PXOM e declaración do técnico responsable de que este se corresponde co proxecto básico que obtivo licenza (art. 20 do Anexo de tramitación de licenzas). Sen o cumprimento desta condición non poderá comezarse a execución das obras.
 - Antes de iniciarse as obras deberá presentar os oficios de nomeamento de director de obra, director de execución e coordinador de seguridade e saúde da obra.

SEGUNDO.- Ordenar ao solicitante o íntegro cumprimento das **cláusulas xerais** de aplicación a todas as licenzas de obra.

TERCEIRO.- Aceptar a cesión do solo da parcela situado fóra da aliñación marcada polo PXOM formalizada no documento administrativo de data 14/06/2017.

CUARTO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre Construcións, instalacións e obras e a liquidación tributaria definitiva da taxa de tramitación, imputando o recoñecemento do dereito aos conceptos orzamentarios correspondentes, relativa ao expediente arriba referenciado, que a continuación se indica:

Base imponible ICIO: orzamento	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO	Taxa de tramitación		PENDENTE PAGO
297.024,69 euros	2,7%	8.019,67 euros	Taxa pagada	1.517,45 €	7.987,34 euros
			Taxa definitiva	1.485,12 €	
			Liquidación	-32,33 €	

QUINTO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

SEXTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

2.4) LICENZA DE OBRA. EXPEDIENTE 209/2016

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**



“Visto que D. F** solicitou en data 31/08/2016 (r.e 5820) licenza municipal para “**legalización dunha vivenda unifamiliar**” situada no lugar de Loreto, s/n – Noal, coa referencia catastral 15072A501005140000OL, segundo o expediente de legalización redactado polo arquitecto D. C** de data abril de 2017.

Vista a documentación que obra no expediente administrativo nº **209/2016** e, en particular, o informe dos servizos técnicos municipais de data 31/05/2017 e o informe de Secretaría de data 14/06/2017.

Considerando o establecido no art. 143 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia sobre o procedemento de outorgamento das licenzas urbanísticas.

ACORDA:

PRIMEIRO.- Conceder a D. F** licenza municipal para “**legalización dunha vivenda unifamiliar**” situada no lugar de Loreto, s/n – Noal, coa referencia catastral 15072A501005140000OL, segundo o expediente de legalización redactado polo arquitecto D. C** de data abril de 2017, condicionada en todo momento ao cumprimento das prescricións xerais das normas urbanísticas de aplicación e ás condicións que se detallan a continuación:

- a) **Clasificación e cualificación urbanística do solo:** solo de núcleo rural común. Grao 2.
- b) **Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos:** 3,00 metros (altura); 59,75 m2 (edificabilidade vivenda); 76,73 m2 (ocupación: vivenda+ alpendre existente).
- c) **Dirección facultativa:** non consta.
- d) **Dirección de execución:** non consta.
- e) **Coordinación de seguridade e saúde:** non consta.
- f) **Outras condicións:**
 - Deberá presentar proxecto visado e certificado do cumprimento das condicións acústicas (art. 48, apdos. 1 e 5, do Anexo de tramitación de licenzas da Normativa PXOM).

SEGUNDO.- Ordenar ao solicitante o íntegro cumprimento das **cláusulas xerais** de aplicación a todas as licenzas de obra.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre Construcións, instalacións e obras e a liquidación tributaria definitiva da taxa de tramitación, imputando o recoñecemento do dereito aos conceptos orzamentarios correspondentes, relativa ao expediente arriba referenciado, que a continuación se indica:

Base imponible ICIO: orzamento	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO	Taxa de tramitación		PENDENTE PAGO
			Taxa pagada		
29.250,00 euros	2%	585,00 euros	Taxa pagada	73,13 €	585,00 euros
			Taxa definitiva	73,13 €	
			Liquidación	00,00 €	

CUARTO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a



correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

QUINTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

2.5) LICENZA DE OBRA. EXPEDIENTE 29/2017

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

“Visto que D. A** solicitou en data 23/02/2017 (r.e 1098) licenza municipal para “**legalización dunha edificación destinada a almacén de apoio a unha explotación pecuaria**” situada no lugar de Trasdoanes, 18B –Xuño, coa referencia catastral 15072A030019790001AT, segundo o expediente de legalización redactado polo arquitecto D. S** de data febreiro de 2017 (visado COAG de data 14-02-2017/ 1700813.2)

Vista a documentación que obra no expediente administrativo nº **29/2017** e, en particular, o informe dos servizos técnicos municipais de data 08/05/2017 e o informe de Secretaría de data 12/06/2017, así como o informe favorable da Consellería do Medio Rural de data 02/06/2017.

Considerando o establecido no art. 143 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia sobre o procedemento de outorgamento das licenzas urbanísticas.

ACORDA:

PRIMEIRO.- Conceder a D. A** licenza municipal para “**legalización dunha edificación destinada a almacén de apoio a unha explotación pecuaria**” situada no lugar de Trasdoanes, 18B –Xuño, coa referencia catastral 15072A03001275, segundo o expediente de legalización redactado polo arquitecto D. S** de data febreiro de 2017 (visado COAG de data 14-02-2017/ 1700813.2), condicionada en todo momento ao cumprimento das prescricións xerais das normas urbanísticas de aplicación e ás condicións que se detallan a continuación:

- a) **Clasificación e cualificación urbanística do solo:** solo rústico de especial protección agraria.
- b) **Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos:** 4,22 metros (altura); 115,00 m2 (edificabilidade); 115,00 m2 (ocupación).
- c) **Dirección facultativa:** non consta.
- d) **Dirección de execución:** non consta.
- e) **Coordinación de seguridade e saúde:** non consta.

SEGUNDO.- Ordenar ao solicitante o íntegro cumprimento das **cláusulas xerais** de aplicación a todas as licenzas de obra.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre Construcións, instalacións e obras e a liquidación tributaria definitiva da taxa de tramitación, imputando o recoñecemento do dereito aos conceptos orzamentarios correspondentes, relativa ao expediente arriba referenciado, que a continuación se indica:



Base imponible ICIO: orzamento	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO	Taxa de tramitación		PENDENTE PAGO
			Taxa pagada		
21.990,75 euros	2%	439,82 euros	Taxa pagada	56,82 €	441,66 euros
			Taxa definitiva	56,82 €	
			Liquidación	-1,84 €	

CUARTO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

QUINTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

2.6) LICENZA DE OBRA. EXPEDIENTE 44/2017

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

“Visto que D. F** solicitou en data 20/03/2017 (r.e 1691) licenza municipal para “**ampliación da planta baixo cuberta dunha vivanda unifamiliar existente**” situada na rúa Camiño Novo, 50 – Porto do Son, coa referencia catastral 9603004MH9390S0001YI, segundo o proxecto básico e de execución redactado polas arquitectas Dna. C** e Dna. R** de data marzo de 2017 (visado COAG de data 02/03/2017/ 17001135.2)

Vista a documentación que obra no expediente administrativo nº 44/2017 e, en particular, o informe dos servizos técnicos municipais de data 08/06/2017 e o informe de Secretaría de data 14/06/2017.

Considerando o establecido no art. 143 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia sobre o procedemento de outorgamento das licenzas urbanísticas.

ACORDA:

PRIMEIRO.- Conceder a D. F** licenza municipal para “**ampliación da planta baixo cuberta dunha vivanda unifamiliar existente**” situada na rúa Camiño Novo, 50 - Noal, coa referencia catastral 9603004MH9390S0001YI, segundo o proxecto básico e de execución redactado pola arquitecta Dna.C** e Dna. R** de data marzo de 2017 (visado COAG de data 02/03/2017/ 17001135.2), condicionada en todo momento ao cumprimento das prescricións xerais das normas urbanísticas de aplicación e ás condicións que se detallan a continuación:

- a) **Clasificación e cualificación urbanística do solo:** solo urbano consolidado. Ordenanza 1 de edificación intensiva en cuarteirón ou mazá.
- b) **Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos:** 7,88 metros (altura); 166,75 m2 (edificabilidade); 50,01m2 (ocupación).
- c) **Dirección facultativa:** D^a. C**
- d) **Dirección de execución:** non consta.
- e) **Coordinación de seguridade e saúde:** non consta.



f) Outras condicións:

- Antes de iniciar a execución da obra deberá presentar oficio de nomeamento de coordinador de seguridade e saúde, se resultase procedente conforme ao previsto no art. 3 do RD 1627/1997, do 24 de outubro.

SEGUNDO.- Ordenar ao solicitante o íntegro cumprimento das **cláusulas xerais** de aplicación a todas as licenzas de obra.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre Construcións, instalacións e obras e a liquidación tributaria definitiva da taxa de tramitación, imputando o recoñecemento do dereito aos conceptos orzamentarios correspondentes, relativa ao expediente arriba referenciado, que a continuación se indica:

Base imponible ICIO: orzamento	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO	Taxa de tramitación		PENDENTE PAGO
			Taxa pagada	37,44 €	
14.976,41 euros	2%	299,53 euros	Taxa definitiva	37,44 €	299,53 euros
			Liquidación	00,00 €	

CUARTO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

QUINTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

2.7) COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRA.

2.7.1.- Expediente nº 256/2016

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D. J** o 18/05/2017 (r.e. 2158) para realizar obras de “**acometida eléctrica**” da vivenda situada en Basoñas, 57 – san Pedro de Muro, coa referencia catastral 15072A033003230001AB.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
1.412,82 euros	2%	30,05 euros (mínimo)



TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

2.7.2.- Expediente nº 11/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D^a. E** o 31/01/2017 (r.e. 504) para realizar obras de “**construción de edificación auxiliar**” nunha parcela situada no lugar de Serans, s/n – San Pedro de Muro coa referencia catastral 15072A033010160000PX.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
11.036,52 euros	2%	220,73 euros

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

2.7.3.- Expediente nº 23/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D. F** o 20/02/2017 (r.e. 947) para realizar obras de “**peche de terraza exterior**” do edificio situado na Avenida da Constitución, 12 – Portosin, coa referencia catastral 4340606NH0343N0005ZO.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:



CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
1.452,00 euros	2%	30,05 euros (mínimo)

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

2.7.4.- Expediente nº 36/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D. X** o 02/03/2017 (r.e. 1286) para realizar obras de “**peche con malla metálica**” da parcela situada situada no lugar de Carrapatal, 43 – Xuño, coa referencia catastral 15072A030013470001AR.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
855,00 euros	2%	30,05 euros (mínimo)

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

2.7.5.- Expediente nº 72/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D. R** o 02/05/2017 (r.e. 2951) para realizar obras de “**limpeza de fachadas e reparación da**



cuberta ” da vivenda situada na rúa Outeiro Alto, 28- Noal, coa referencia catastral 9803310MH9390S000141.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
1.603,25 euros	2%	32,06 euros

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

2.7.6.- Expediente nº 78/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D^a. A** o 05/05/2017 (r.e. 2789) para realizar obras de “ **acondicionamento de local comercial para centro terapéutico ”** situado na rúa Barranqueira, 2, baixo- Noal, coa referencia catastral 0005106NH0300N0007ZD.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
32.000,00 euros	2%	640,00 euros

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.



2.7.7.- Expediente nº 81/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D. J** o 10/05/2017 (r.e. 2914) para realizar obras de “**tratamento de fachadas**” da vivenda situada na rúa Trincherpe, 5,- Noal, coa referencia catastral 9806507MH9390N0001YM.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
2.545,00 euros	2%	50,90 euros

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

2.7.8.- Expediente nº 83/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D^a. C** o 11/05/2017 (r.e. 2946) para realizar obras de “**acometida de auga**” da parcela situada no lugar de Campo de Prado, 48- Agueira- Nebra, coa referencia catastral 000201500NH03A0001RH.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
1.189,58 euros	2%	30,05 euros (mínimo)

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.



CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

2.7.8.- Expediente nº 107/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D^a. M** o 31/05/2017 (r.e 3302) para realizar obras de “**reparación de fachada**” da vivenda situada no lugar de Tarrío, 30- Queiruga, coa referencia catastral 7947301MH9274N0001OO.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
664,00 euros	2%	30,05 euros (mínimo)

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

3. REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.

3.1) ARQUIVO DE PROCEDEMENTO DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local acordou o 23/03/2017 inciar un procedemento de reposición da legalidade urbanística pola execución das obras de construción sen título urbanístico habilitante dun galpón nunha parcela situada no lugar de Seráns, 89 (San Pedro de Muro), coa referencia catastral 15072A034005220001AA, sendo o presunto promotor das obras D. L**.

Segundo.- D. L** solicitou en data 05/04/2017 (r.e 2031) licenza municipal para a legalización das edificacións cuxa construción motivara o inico do procedemento de reposición da legalidade urbanística.



Terceiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión do 25/05/2017, resolveu outorgar a D. L** licenza municipal para “**legalización de alpendre piscina**” situados no lugar de Seráns, 89 - San Pedro de Muro coa referencia catastral 15072A034005220001AA.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Único.- O art. 21.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas establece que nos casos de desaparición sobrevida do obxecto do procedemento a resolución consistirá na declaración da circunstancia que concorra en cada caso, con indicación dos feitos producidos e normas aplicables.

Tendo en conta que o promotor das obras que motivaran o inicio do procedemento de reposición da legalidade urbanística acadou a súa legalización, ese procedemento perdeu o seu obxecto e, en consecuencia, procede o arquivo do procedemento.

Visto canto antecede, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Declarar a perda sobrevida do obxecto do procedemento de reposición da legalidade urbanística iniciado a D. L** pola construción dun galpón sen título urbanístico habilitante, nunha parcela situada no lugar de Seráns, 89 (San Pedro de Muro), e proceder ao arquivo do procedemento.

SEGUNDO.- Notificar este acordo aos interesados con expresión do réxime de recursos aplicable.”

4. ASISTENCIA PERMANENTE AO ALCALDE NO EXERCICIO DAS SÚAS ATRIBUCIÓN.

A Xunta de Goberno Local, en uso da competencia conferida polos artigos 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 52, 53 e 46 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF) , segundo os cales lle correspóndelle á Xunta de Goberno Local como atribución propia e indelegable a asistencia ao Alcalde no exercicio das súas atribucións aparte das atribucións que o Alcalde ou outro órgano municipal lle poidan delegar; procede a prestar a asistencia ao Alcalde- Presidente no exercicio das súas atribucións, sendo informada neste momento de todas as decisións de goberno do Alcalde- Presidente dende a anterior Xunta de Goberno Local.

E non habendo máis asuntos que tratar, de orde da Alcaldía- Presidencia, levántase a sesión, sendo as **14:05 horas**, do día **15 de xuño de 2017**, de todo o que se estende a presente acta da que eu, como secretario, dou fe.

O ALCALDE- PRESIDENTE,

O SECRETARIO,

Asdo. José Luis Oujo Pouso.

Asdo. José Manuel González García.